



**LOA**galicia  
VIAJES

C/ Ribeira nº 15, 36800 REDONDELA, Pontevedra  
Telf: 986 409 960. Fax: 986 409 964



PELUQUERÍA  
MIXTA

*Begoña Villaverde*

Rúa Meixón Frio, 31 - REDONDELA  
Teléf.: 986 400 565



**Café - Bar  
CENTRAL**

Tapas variadas  
Vinos del País  
Albariño y Condado

C/. Xoan Manuel Pereira, 4  
Teléfono: 986 40 12 91  
Móvil: 807 970 448

REDONDELA

ESTACIONAMIENTO REDONDELA, S.A.

**P**

**PARKING A XUNQUEIRA**

- TARIFA POR MINUTOS  
- ABONOS MENSUALES Y ANUALES

Paseo da Xunqueira, s/n.  
Teléfono 986 40 30 53

36800 REDONDELA



**OPEL**  **Fimauto, S.L.** SERVICIO OFICIAL OPEL

Telfs. Oficina: 986 400 480 - 986 400 672  
QUINTELA - REDONDELA



*Selección Culinaria  
Tapas  
Pizzas Artesanas  
Comidas de Empresa  
Celebraciones especiales*

Avenida Mendiño 76  
986 400 731  
36800 Redondela



**CONCELLO DE REDONDELA**  
Concellería de Turismo  
[www.turismoredondela.es](http://www.turismoredondela.es)

XXIV Festa do  
**Choco**  
Redondela

8 e 9  
de maio de 2010

GASTRONOMÍA DE  
*Redondela*



CONCELLO  
DE  
REDONDELA

Concellería de Turismo  
[www.turismoredondela.es](http://www.turismoredondela.es)

## Saúda do Alcalde

### CHOCOS CON ORLA DE GALEGUIDADE

Dixo hai ben pouco Ferran Adriá, o afamado restaurador catalán, que os mellores produtos culinarios estaban en Galicia; en ningunha outra parte da península Ibérica hal fartura e calidade como aquí. Pero, engadíu o cocifeiro, “os galegos adoecen dun mal: non os saben vender ben”. E con esta frase facíanos o reproche do descoñecemento. Somos un pobo no que aínda está moi aniñado o complexo de inferioridade. Todo o que vén ou hai fóra de nós é mellor. O noso non ten cualidades nin méritos. Tal pensamento fainos ser merecante de aldraxes coma o que nos endilgou recentemente unha política ao asegurar que a condición de galego pode ser pexorativa. Dona Rosa Díaz botou man do arcano da historia para aldraxarnos, do mesmo xeito que o fixeron os poetas e literatos do Século de Ouro español; ou o “xandabolismo”, termo acuñado das películas producidas por “Suevia Films”, unha empresa cinematográfica dun galego de Nogueira de Ramuín, que contribuíu a espallar o estereotipo do galego parvo, nada avisado.

Ben deltamos que unha empresa da nosa contorna, envasadora de augas, facendo gala do galeguismo que lle imprimira o seu primeiro propietario, don Enrique Peinador, e que agora recupera, publicou un anuncio en tódolos xornais de Galicia con esta lenda: **O ORGULLO DE SERMOS GALEGOS. NA ÚNICA ACEPCIÓN DA PALABRA.** Esta empresa ten ben merecida a louva de tódolos galegos, e tamén de ser premiada pola organización da Festa do Choco. E de igual xeito, todas aquelas adegas galegas que etiquetan os seus envases na nosa lingua.

A FESTA DO CHOCO, é unha oportunidade para sabermos vender un produto tan de noso co debido esmero na súa preparación e presentación. Como fan outros pobos que venden os seus licores - cofacs, whiskys...- co marchamo de identidade patria. Nós tamén debemos unir á excelente calidade dos nosos produtos a singularidade da nosa identidade galega, seguindo os pasos dos mellores viños galegos etiquetados na nosa lingua. Os nosos chocos debémolos vender coa orla da galeguidade.

Xaime Rei Barreiro

Alcalde do Concello de Redondela

# XXIV CONCURSO GASTRONÓMICO

## - BASES -

- 1.- Poderán concursar tódalas persoas e hosteleiros do municipio.
- 2.- Os pratos culinarios e mailas empanadas, deberán ser elaborados con produtos de calidade.
- 3.- Cada prato ou empanada deberá ir acompañada dunha ficha, na que figuren os distintos ingredientes utilizados na súa preparación.
- 4.- Establécense as seguintes distincións:
  - 1.º - Á mellor receita creativa do choco.
  - 2.º - Chocos cocíñados na súa tinta e variantes.
  - 3.º - Chocos cocíñados con arroz ou variantes.
  - 4.º - Empanada de chocos con fariña triga.
  - 5.º - Empanada de chocos con fariña milla e outras.
  - 6.º - Mellor presentación da empanada ou prato de choco.
- 5.- O fallo do xurado é inapelable.
- 6.- Os participantes no concurso de pratos culinarios e empanadas de choco, deberán comparecer na citada mesa de degustación o domingo día 9 de maio, as 11,30 horas as empanadas e as 13,00 horas os pratos culinarios, **prégase puntualidade.**
- 7.- Outorgaránse **diplomas** acreditativos ós gañadores.
- 8.- Nos pratos culinarios e empanadas de choco que se presenten ó concurso, non poderá figurar ningunha lenda alusiva ó concursante.

# ACTIVIDADES

## Sábado 8 de Maio

- 12,00 h.-** Lanzamento de bombas de palenque anunciando o comezo da festa
- 12,15 h.-** Pasarrúas a cargo do Grupo de Gaitas **ASUBÍOS** de Cedelra - Redondela
- 12,30 h.-** Apertura dos stand para a **DEGUSTACIÓN DOS PRATOS E EMPANADAS DE CHOCO**
- 18,30 h.-** Pasarrúas do Grupo de Gaitas **ASUBÍOS** de Cedelra - Redondela e de seguido, actuación no recinto dos stand da festa do Choco (Patrocinada pola Excm. Deputación Prov. de Pontevedra)
- 21,30 h.-** Comezo da **verbena** amenizada polas orquestras:

## ANDURIÑA



## GRUPO ALCOTÁN



## Domingo 9 de Maio

- 10,00 h.-** Lanzamento de bombas de palenque anunciando a festa.
- 10,15 h.-** Pasarrúas a cargo da **Banda de Música MUNICIPAL DE REDONDELA**
- 11,00 h.-** Actuación do grupo folklórico galego **NOSA TERRA** de Pereiras - Mos (Patrocinada pola Excm. Deputación Prov. de Pontevedra)
- 11,30 h.-** Concurso de degustación das empanadas.
- 12,00 h.-** Feira de Artesanía
- 12,30 h.-** Lectura do Pregón da Festa, dende o balcón da Casa do Concello.
- 13,00 h.-** Concurso de degustación dos pratos culinarios.
- 18,00 h.-** Comezo da **verbena** amenizada polos grupos:
- ## LAMAS
- 
- ## TRIO NOSTALGIAS
- 18,00 h.-** Concerto de música popular a cargo da **Banda de Música MUNICIPAL DE REDONDELA** no recinto da Casa da Torre- Residencia Peregrinos (Patrocinado pola Excm. Deputación Prov. de Pontevedra)
- 21,00 h.-** Entrega de Diplomas, na verbena, os gañadores da degustación de empanadas e pratos culinarios do Choco.

## Luns 10 de Maio

## FESTA DO NENO

- 17,00 h.-** Posta en funcionamento das atraccións e carruseis instalados no recinto de costume nesta festa, con prezos populares para os nenos